

INTERVENCIÓN	
ASUNTO:	Transferencia de crédito 2/19
TIPO DE EXPEDIENTE:	MODIFICACIÓN DE CRÉDITO.
EXPEDIENTE	2019/G003/000889
INFORME	87/2019

Nota previa: o presente informe abordará unicamente a legalidade da modificación que constitúe o obxecto deste expediente, sen entrar a valorar por tanto a concreta actuación de gasto a amparar co crédito que agora se habilita. Tal actuación deberá ser fiscalizada de xeito independente, de acordo co previsto nos artigos 213 e seguintes do Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRFL), aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo.

1- MARCO NORMATIVO.

A principais normas de aplicación ao asunto informado figuran recollidas nas seguintes disposicións:

.- Normativa estatal.

- LEI 7/85, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL)
- REAL DECRETO LEXISLATIVO 2/2004, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das facendas locais (TRLRFL).
- LEI ORGÁNICA 2/12, de 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira (LOEPSF).
- REAL DECRETO 500/90, de 20 de abril, que desenrola o TRLRFL en materia orzamentaria.
- REAL DECRETO 1463/2007, do 2 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento da Lei 18/2001, do 12 de decembro, de estabilidade orzamentaria, na súa aplicación ás entidades locais.
- ORDE EHA/3565/2008, de 3 de decembro, pola que se aproba a estrutura dos orzamentos das entidades locais.
- ORDE HAP/1781/2013, de 20 de setembro, pola que se aproba a Instrución do modelo normal de contabilidade local (IMNCL).
- ORDE EHA/2105/15 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigacións de subministración de información previstas na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira.

.- Normativa aprobada polo Concello de Ames.

- BASES DE EXECUCIÓN do orzamento.

2- ANTECEDENTES DE FEITO.

Remítese a este servizo a Memoria ditada pola Concellaría de Economía e Facenda na que se fai constar que polo servizo de urbanismo solicítase documento contable RC para facer fronte a achega recollida no convenio de colaboración entre o Instituto de Estudos do Territorio da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, a Federación Galega de Municipios e Provincias, os concellos de Ames, Betanzos, Fene, Teo e Nigrán para a obtención de imaxes aéreas de alta resolución xeorreferenciadas que xa ten iniciada a súa tramitación.

No convenio establécese un prezo de 733 eur/km² sen IVE; 887,38 eur/km² con IVE polo que ao concello de Ames lle corresponderían 46114,06 euros.

Deste xeito, faise preciso efectuar unha transferencia de crédito para acomodar o crédito á situación descrita, tendo en conta que existen aplicacións que poden ceder o crédito.

Necesidade e inaprazabilidade dos gastos que se pretendan financiar .

NECESIDADE.- A modificación faise necesaria para que se inicien os procedementos de licitación dos traballos previsto para agosto e a propia sinatura do convenio

INAPRAZABILIDADE.- A inaprazabilidade deriva en que si non se remite o documento contable non podería asinarse o convenio, sendo moi necesario para o concello contar con estes traballos para a tramitación de expedientes urbanísticos, sendo esta unha oportunidade para que de forma conxunta e coa achega ao convenio do Instituto Técnico de Territorio se poida afrontar o custe xa que de facelo de forma individual tería uns custes moi elevados para este concello.

Posibilidade de minorar as aplicacións de gasto sen merma dos servizos correspondentes.

As aplicacións que cederán crédito, financiada integramente con fondos propios, existindo crédito nas seguintes aplicacións :

Aplicación que cede Crédito		Importe	
151	22706	11.844,06	Aforro en estudos técnicos da área de urbanismo
151	12003	10.000,00	Aforro derivado da non cobertura do posto de administrativo de urbanismo
151	12100	5.600,00	Aforro derivado da non cobertura do posto de administrativo de urbanismo
151	12101	8.000,00	Aforro derivado da non cobertura do posto de administrativo de urbanismo
151	12000	4.900,00	Aforro derivado do que vai de exercicio do posto de arquitecto en urbanismo que aínda que saíu a oferta de emprego público aínda non se iniciou expediente para a súa cobertura
151	12100	2.600,00	Aforro derivado do que vai de exercicio do posto de arquitecto en urbanismo que aínda que saíu a oferta de emprego público aínda non se iniciou expediente para a súa cobertura
151	12101	3.200,00	Aforro derivado do que vai de exercicio do posto de arquitecto en urbanismo que aínda que saíu a oferta de emprego público aínda non se iniciou expediente para a súa cobertura
	Total	46.144,06	

Polo tanto propónse a seguinte transferencia para informe da intervención:

TRANSFERENCIA DE CRÉDITO 2/19

Aplicación que cede Crédito		Importe
151	22706	11.844,06
151	12003	10.000,00
151	12100	5.600,00
151	12101	8.000,00
151	12000	4.900,00
151	12100	2.600,00
151	12101	3.200,00
	Total	46.144,06
Aplicación que recibe crédito		Importe
151	64000	46.144,06

No momento da súa remisión figuraba no expediente a seguinte documentación:

- Memoria da Concellaría de Economía e Facenda, que dá inicio ao expediente.

O presente informe emítese en cumprimento do disposto na Base de Execución do Orzamento nº 13.

3.- ANTECEDENTES DE DEREITO.

3.1 Das modificacións de crédito durante a vixencia da prórroga orzamentaria.

De acordo co previsto no artigo 21.5 do RD 500/90, en tanto non se aprobe o orzamento definitivo, o prorrogado poderá ser obxecto de calquera das modificacións previstas pola Lei.

3.2 Da modificación de crédito a efectuar.

As transferencias de crédito poden ser descritas como aquelas modificación do orzamento de gastos mediante a que, sen alterar a contía total do mesmo, o importe dun crédito é destinado -total ou parcialmente- ao financiamento de gastos imputables a partidas orzamentarias con diferente vinculación xurídica.

Segundo dispón a normativa estatal sinalada ao principio deste informe, as entidades deberán regulará, nas Bases de execución do orzamento, o réxime de transferencias, establecendo o órgano competente para autorizalas; en todo caso, a aprobación das transferencias entre distintos grupos de función¹ corresponderá ao pleno, salvo cando tanto as baixas como as altas afecten a créditos de persoal.

De acordo co previsto na referida base de execución do orzamento nº 13, os expedientes tramitaranse pola Alcaldía, previo informe da Intervención, que deberá certificar a existencia de crédito suficiente na aplicación orzamentaria que deba ceder crédito, e non só na bolsa de vinculación xurídica na que esta se atope incluída. Esta base prevé igualmente que aprobación dos expedientes de transferencias de créditos entre distintas áreas de gasto corresponderá ao Pleno do Concello, salvo cando as altas e as baixas afecten a créditos de persoal.

3.3 Dos límites que afectan ás transferencias de crédito.

O artigo 180 do TRLRFL establece cales son as limitacións das transferencias de crédito:

1. "As transferencias de crédito de calquera clase estarán suxeitas ás seguintes limitacións:

- a. Non afectarán aos créditos ampliados nin aos extraordinarios concedidos durante o exercicio.
- b. Non poderán minorarse os créditos que tiveran sido incrementados con suplementos ou transferencias, salvo cando afecten a créditos de persoal, ni os créditos incorporados como consecuencia de remanentes non comprometidos procedentes de orzamentos pechados.
- c. Non incrementarán créditos que como consecuencia doutras transferencias tiveran sido obxecto de minoración, salvo cando afecten a créditos de persoal.

2. As anteriores limitacións non afectarán ás transferencias de crédito que se refiran aos programas de imprevistos e funcións non clasificadas nin serán de aplicación cando se trate de créditos modificados como consecuencia de reorganizacións administrativas aprobadas polo pleno".

A Base de execución nº 13 ven a engadir o seguinte:

"Os expedientes de transferencias de crédito tramitaranse pola Alcaldía, previo informe da Intervención de Fondos que certificará da existencia de crédito suficiente na aplicación orzamentaria que deba ceder crédito.

A aprobación dos expedientes de transferencias de créditos entre distintas áreas de gasto corresponderá ao Pleno do Concello, salvo cando as altas e as baixas afecten a créditos de persoal. Na tramitación destes expedientes serán de aplicación as normas sobre información, reclamacións e publicidade aplicables á aprobación do Orzamento Xeral do Concello, así como o réxime de recursos contencioso administrativos contra os citados Orzamentos.

A aprobación dos demais expedientes de transferencias de crédito, previo informe e certificación da existencia de crédito suficiente da Intervención, corresponderá á Alcaldía.

Non terán a consideración legal de transferencias as alteracións de crédito entre aplicacións orzamentarias pertencentes a un mesmo nivel de vinculación xurídica".

A Base nº 28 establece:

A realización de actuacións non previstas inicialmente no Anexo de Investimentos, ou a execución de actuacións por un importe superior ao inicialmente contemplado, cando sexan levadas a cabo en detrimento doutro proxecto dos previstos "ab initio" no citado Anexo, non requirirá da aplicación das normas previstas para a aprobación do orzamento xeral, tampouco será necesario a modificación do anexo de investimentos, sempre e cando se trate de actuacións vinculadas ao mantemento ordinario dos servizos, sempre e cando o crédito fixado de inicio resultase insuficiente e se xustifique no expediente que se trata de un imprevisto, urxente e inaprazable.

A. Grado de cumprimento dos anteriores límites neste expediente.

Aspecto a comprobar.	Grado de cumprimento no expediente examinado
3.3.1 Que o expediente non afecte a créditos	Os créditos ampliados son os imputados ás aplicacións sinaladas

¹ Áreas de gasto, de acordo ca nova estrutura orzamentaria (Orde EHA 3565/2008).

	ampliables ou extraordinarios concedidos durante o exercicio.	<p>na Base de execución do orzamento nº 12, entre as que non se atopa ningunha das afectadas nesta modificación:</p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ 161 227.11 servizo de auga e saneamento ▪ 161 227.11 servizo de auga e saneamento ▪ 453 215.25 Estradas; reparación mantemento e conservación de mobiliario urbano. ▪ 920.226.03 Publicacións en diarios oficiais ▪ 920.226.02 Publicidade en xornais <p>Ao longo do presente exercicio non se ten tramitado ningún expediente de crédito extraordinario ou suplemento de crédito.</p> <p>O expediente CUMPRE este aspecto obxecto de verificación.</p>
3.3.2	Que a transferencia non minore créditos que tiveran sido incrementados con suplementos ou transferencias, salvo cando afecten a créditos de persoal.	O expediente CUMPRE este aspecto obxecto de verificación.
3.3.3	Que a transferencia non minore créditos incorporados como consecuencia de remanentes non comprometidos procedentes de orzamentos pechados.	O expediente CUMPRE este aspecto obxecto de verificación.
3.3.4	Que a transferencia non supoña o incremento de créditos que como consecuencia doutras transferencias tiveran sido obxecto de minoración, salvo cando afecten a créditos de persoal.	O expediente CUMPRE este aspecto obxecto de verificación.
3.3.5	Que na data de emisión do informe exista dispoñibilidade de crédito, segundo os datos contables, na aplicación orzamentaria da que parte a transferencia, así como na bolsa de vinculación xurídica na que a mesma se atopa incluída.	<p>Á data de emisión do presente informe existe crédito para facer fronte á modificación plantexada, tanto a nivel de aplicación, como nas bolsas de vinculación xurídica en que estas se inclúen.</p> <p>O expediente CUMPRE este aspecto obxecto de verificación.</p>
3.3.6	Que a proposta de aprobación do expediente se formule ao órgano competente.	<p>A presente transferencia afecta a aplicacións que pertencen ao mesmo área de gasto. En consecuencia, a competencia para a súa aprobación corresponde á Alcaldía. A Memoria que dá inicio ao expediente dirixe a proposta a dito órgano.</p> <p>O expediente CUMPRE este aspecto obxecto de verificación.</p>

B. Cumprimento doutros aspectos de legalidade que afectan ao expediente.

Aspecto a comprobar.	Grado de cumprimento no expediente examinado
3.3.7	<p>Que esta motivada no expediente a necesidade e inaprazabilidade dos gastos que se pretenden financiar ca presente modificación.</p> <p>A Memoria que dá inicio ao expediente fai referencia expresa a esta cuestión.</p> <p>O expediente CUMPRE este aspecto obxecto de verificación.</p>
3.3.8	<p>Que exista conformidade do responsable do servizo afectado pola minoración do gasto, acerca da non perturbación do servizo como consecuencia das reducións propostas.</p> <p>A Memoria que dá inicio ao expediente fai referencia expresa a esta cuestión.</p> <p>O expediente CUMPRE este aspecto obxecto de verificación.</p>
3.3.9	<p>Que as aplicacións incrementadas con esta modificación sexan as axeitadas, en atención ás características das necesidades que se pretenden atender ca mesma.</p> <p>O expediente CUMPRE este aspecto obxecto de verificación.</p>

3.4 Efectos da presente modificación sobre o cumprimento dos principio de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, así como da regra de gasto.

A presente modificación non afecta ao saldo non financeiro do orzamento, non se financia cunha maior apelación ao endebedamento, nin representa un incremento da cifra total do orzamento, polo que non debe comprometer o cumprimento destas regras fiscais.

Non obstante, as implicacións sobre a estabilidade orzamentaria derivadas da presente modificación serán abordadas no vindeiro informe trimestral de avaliación do cumprimento do obxectivo de estabilidade, da regra de gasto e do límite de débeda ao que se refire o artigo 16 da Orden EHA 2105/2012.

4-CONCLUSIÓNS.

En base ao exposto, cabe concluír o seguinte:

Primeira. - O expediente cumpre todos os aspectos obxecto de fiscalización previa abordados neste informe.

Segunda. - En consecuencia, emítase informe favorable a súa aprobación.

A interventora

Margarita Fernández Sobrino

DECRETO DA ALCALDÍA

C.I.F.: P - 1500200 - I

ASUNTO: TRANSFERENCIA DE CRÉDITO 2/19

EXPEDIENTE: 2019/G003/000889

ANTECEDENTES:

Polo servizo de urbanismo solicítase documento contable RC para facer fronte a achega recollida no convenio de colaboración entre o Instituto de Estudos do Territorio da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, a Federación Galega de Municipios e Provincias, os concellos de Ames, Betanzos, Fene, Teo e Nigrán para a obtención de imaxes aéreas de alta resolución xeorreferenciadas que xa ten iniciada a súa tramitación.

No convenio establécese un prezo de 733 eur/km² sen IVE; 887,38 eur/km² con IVE polo que ao concello de Ames lle corresponderían 46114,06 euros.

Deste xeito, faise preciso efectuar unha transferencia de crédito para acomodar o crédito á situación descrita, tendo en conta que existen aplicacións que poden ceder o crédito.

Necesidade e inaprazabilidade dos gastos que se pretendan financiar .

NECESIDADE.- A modificación faise necesaria para que se inicien os procedementos de licitación dos traballos previsto para agosto e a propia sinatura do convenio

INAPRAZABILIDADE.- A inaprazabilidade deriva en que si non se remite o documento contable non podería asinarse o convenio, sendo moi necesario para o concello contar con estes traballos para a tramitación de expedientes urbanísticos, sendo esta unha oportunidade para que de forma conxunta e coa achega ao convenio do Instituto Técnico de Territorio se poida afrontar o custe xa que de facelo de forma individual tería uns custes moi elevados para este concello.

Posibilidade de minorar as aplicacións de gasto sen merma dos servizos correspondentes.

As aplicacións que cederán crédito, financiada integramente con fondos propios, existindo crédito nas seguintes aplicacións :

Aplicación que cede Crédito		Importe	
151	22706	11.844,06	Aforro en estudos técnicos da área de urbanismo
151	12003	10.000,00	Aforro derivado da non cobertura do posto de administrativo de urbanismo
151	12100	5.600,00	Aforro derivado da non cobertura do posto de administrativo de urbanismo
151	12101	8.000,00	Aforro derivado da non cobertura do posto de administrativo de urbanismo
151	12000	4.900,00	Aforro derivado do que vai de exercicio do posto de arquitecto/a en urbanismo que aínda que saíu a oferta de emprego público non se iniciou expediente para a súa cobertura
151	12100	2.600,00	Aforro derivado do que vai de exercicio do posto de arquitecto/a en urbanismo que aínda que saíu a oferta de emprego público non se iniciou expediente para a súa cobertura
151	12101	3.200,00	Aforro derivado do que vai de exercicio do posto de arquitecto/a en urbanismo que aínda que saíu a oferta de emprego público non se iniciou expediente para a súa cobertura
Total		46.144,06	

TRANSFERENCIA DE CRÉDITO 2/19

Pola intervención municipal emitiuse informe favorable.

Por tanto, e á vista do establecido nos artigos 182 do RDL 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e 43 e seguintes do RD 500/90, de 20 de abril, e visto o informe de Intervención, así como a Base de Execución do Orzamento nº 14, **RESOLVO**:

Primeiro e único.- Aprobar o expediente de modificación de crédito "TRANSFERENCIA DE CRÉDITO 2/19" do orzamento municipal para o exercicio 2019, de acordo co seguinte detalle:

TRANSFERENCIA DE CRÉDITO 2/19

Aplicación que cede Crédito		Importe
151	22706	11.844,06
151	12003	10.000,00
151	12100	5.600,00
151	12101	8.000,00
151	12000	4.900,00
151	12100	2.600,00
151	12101	3.200,00
	Total	46.144,06
Aplicación que recibe crédito		Importe
151	64000	46.144,06

O alcalde
José M. Miñones Conde

A secretaria
Rosa Ana Prada Queipo

MEMORIA

Transferencia de crédito 2/19

Expediente: 2019/G003/000889

Polo servizo de urbanismo solicítase documento contable RC para facer fronte a achega recollida no convenio de colaboración entre o Instituto de Estudos do Territorio da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, a Federación Galega de Municipios e Provincias, os concellos de Ames, Betanzos, Fene, Teo e Nigrán para a obtención de imaxes aéreas de alta resolución xeorreferenciadas que xa ten iniciada a súa tramitación.

No convenio establécese un prezo de 733 eur/km² sen IVE; 887,38 eur/km² con IVE polo que ao concello de Ames lle corresponderían 46114,06 euros.

Deste xeito, faise preciso efectuar unha transferencia de crédito para acomodar o crédito á situación descrita, tendo en conta que existen aplicacións que poden ceder o crédito.

Necesidade e inaprazabilidade dos gastos que se pretendan financiar .

NECESIDADE.- A modificación faise necesaria para que se inicien os procedementos de licitación dos traballos previsto para agosto e a propia sinatura do convenio

INAPRAZABILIDADE.- A inaprazabilidade deriva en que si non se remite o documento contable non podería asinarse o convenio, sendo moi necesario para o concello contar con estes traballos para a tramitación de expedientes urbanísticos, sendo esta unha oportunidade para que de forma conxunta e coa achega ao convenio do Instituto Técnico de Territorio se poida afrontar o custe xa que de facelo de forma individual tería uns custes moi elevados para este concello.

Posibilidade de minorar as aplicacións de gasto sen merma dos servizos correspondentes.

As aplicacións que cederán crédito, financiada integramente con fondos propios, existindo crédito nas seguintes aplicacións :

Aplicación que cede Crédito		Importe	
151	22706	11.844,06	Aforro en estudos técnicos da área de urbanismo
151	12003	10.000,00	Aforro derivado da non cobertura do posto de administrativo de urbanismo
151	12100	5.600,00	Aforro derivado da non cobertura do posto de administrativo de urbanismo
151	12101	8.000,00	Aforro derivado da non cobertura do posto de administrativo de urbanismo
151	12000	4.900,00	Aforro derivado do que vai de exercicio do posto de arquitecto/a en urbanismo que aínda que saíu a oferta de emprego público non se iniciou expediente para a súa cobertura
151	12100	2.600,00	Aforro derivado do que vai de exercicio do posto de arquitecto/a en urbanismo que aínda que saíu a oferta de emprego público non se iniciou expediente para a súa cobertura
151	12101	3.200,00	Aforro derivado do que vai de exercicio do posto de arquitecto/a en urbanismo que aínda que saíu a oferta de emprego público non se iniciou expediente para a súa cobertura
	Total	46.144,06	

Polo tanto propónse a seguinte transferencia para informe da intervención:

TRANSFERENCIA DE CRÉDITO 2/19

Aplicación que cede Crédito		Importe
151	22706	11.844,06
151	12003	10.000,00
151	12100	5.600,00
151	12101	8.000,00
151	12000	4.900,00
151	12100	2.600,00
151	12101	3.200,00
	Total	46.144,06
Aplicación que recibe crédito		Importe
151	64000	46.144,06

A Concelleira de facenda
Genma Otero Uhía